

ESA ARQUITECTURA SABIA

Na data do pasado domingo, dous de outubro, publicaba La Voz de Galicia unha páxina ilustrativa de “Ideas para dar uso a Os Pendellos de Agolada”. Devoro o texto e detéñome dun xeito especial na fotografía que ilumina a reportaxe. Marcos Míguez regalounos a imaxe que acende este comentario, precisamente en contradición co título. O xornalismo, ás veces ten esas descubertas que valen por un mundo de palabras.

Cando eu conversaba coa xornalista falabamos sobre o micromundo dunha resistencia case heroica de ampararmos este espazo “ben tallado” das feiras populares da Gallaecia: aos catro ventos e ás catro augas, que de todo hai na terra onde soñamos. E Rocío, de toda esta conversa, resume con intelixencia toda a nosa leria telefónica: “...recinto multiusos, moi agradecido, acolledor e agarimoso en calquera circunstancia, grazas a esa arquitectura sabia”. Velaí, a fortuna da fotografía que ilustra a páxina para que eu non soñe. A relalidade arestoras dáme dúas labazadas e acordo daquela outra vez do día cinco de decembro do ano dous mil nove, cando descubría nun cabreo incontinente as lousas da cor branca, pasadas polos afeites da tecnoloxía, que viñan para mancar de xeito definitivo a mau dos pedreiros e dos canteiros de labra en pulso firme e honra de deixar obra caladiña e sabia a un tempo para que os séculos falen.

Velaí as imaxes. Velaí a ofensa á nosa / miña memoria. O chan que fora terreo, coma por acaso os pasadoiros das aldeas máis senlleiras do Camiño de Santiago e a mesma Praza do Obradoiro, foi mudando coas épocas cara á esperanza de vencermos o mal trato das intemperies, ollo! mais a muda sería en pedra da cor das xeografías. Nada de fóra, nada rechamante na materia prima: ese forno das montañas e das códeas que nos honran noutros universos da canteiría que cotiza á alza, un orgullo. Nos Pendellos, as ruelas, que eu lembro aínda en terra de zocos e de zapatóns nas invernadas, foron paseniño cara á outra alternativa de cadrarmos os tempos novos. E velaí de volta os pedreiros, a canteiría humilde, irregular, case mosaico vangardista para a época, pondo o pé firme na lama. Ollabas o chan e ollabas a mesma matria dos mostradores, dos almacéns, dos comedores... Nada mancaba os ollos dos protagonistas dos convivios: aquelas citas para a palabra que era de trato, de irmau, de sabedoría, de pasar un tempo ao carón do amigo e do veciño, do amor e da esperanza. As datas comprometíanse en “o un, o tres, o catro, o doce, o quince...” En cifras e universos que todos aprendían nos adentros: Monterroso, Lalín, As Cruces, Agolada, Melide...ata completar o mes en anos, séculos.

Ollen vostedes a intencionalidade daquela arquitectura sabia: reclamar para adentro, nunca botar fóra; incluír, agradecer, favorecer, dar acougo, ser compañía; poder tocar coas maus e cos ollares as pedras “rústicas”, labradas polo pouso das familias que sinalaban “meu avó, meu pai, meu tío...” E todo ficaba na casa das sabedorías. Ben procuraban elas / eles conservar o tempero rude e mineral das noites e dos días, que nunca desprezaban esta arquitectura para o agarimo das feiras e das épocas.

E no remate desta crónica en desuso, reafirmo a mau alzada, e sen mudar palabra algunha, aquel último aviso do desespero que escribira para os cinco xornais que sempre me conceden a liberdade e o papel das súas cabeceiras, en data do cinco de decembro do ano dous mil nove, baixo o epígrafe: “Aqueles pendellos”. Agradézolles que o lean nos arquivos. Era o comezo da práctica perversa: reconstruír fronte a restaurar. E así nos vai. Que Marga Negro, presidenta da Xeración Nós de Borraxeiros, e Nilo Xesús García Armas, director da Banda de Música de Agolada, que o domingo me acompañaban na páxina referida ao comezo, teñan longa vida e agarimo para

restaurar coas xeracións do futuro aquela nosa tanta perda. E medre o cariño mailo sorriso, sempre.

Xosé Vázquez Pintor